



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OZA-CESURAS

Remitindo padrón de augas do 1º trimestre de 2022 de Oza para exposición pública

ANUNCIO

Aprobación do padrón de contribuíntes pola taxa correspondente ao servizo de subministro de auga potable, primeiro trimestre de 2022.

(Para o ámbito territorial do antigo municipio de Oza dos Ríos, conforme ao réxime transitorio determinado polo artigo 6.3 do Decreto 83/2013, do 6 de xuño, DOG do 7/7/2013).

ÓRGANO E DATA DE APROBACIÓN: Xunta de Goberno Local, sesión do 10 de maio de 2022.

NORMATIVA REGULADORA E EFECTOS: Artigo 102 e concordantes da Lei Xeral Tributaria e advertencia establecida no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

No relativo ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PRAZO DE EXPOSICIÓN: 15 días.

Oza-Cesuras, 11 de maio de 2022

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

2022/2691